

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente da Xunta de Galiza
Complexo administrativo de San Lázaro,
s/n 15781 Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2022

Señor Presidente:

Exprésolle a nosa protesta ante a exclusión da C.I.G. da convocatoria das reunións que este martes pasado, 14 de xuño, tiveron lugar con organizacións sindicais e patronais, dentro da súa axenda de reunións desde a súa toma de posesión, para tratar a situación laboral, económica e social do país na actual crítica situación que estamos a vivir.

Este feito, que vostede protagonizou, de excluírnos desta convocatoria, de actuar negando a nosa existencia como primeira Central Sindical en Galiza, maioritaria, que ten a consideración de máis representativa, constitúe un grave desprezo para milleiros de traballadores e traballadoras do noso País, representantes sindicais de empresas e afiliados/as da nosa Organización.

Esta forma de proceder desacredita a calquera Presidente da Xunta de Galiza ao constituír unha grave falta de consideración ás mínimas normas de cortesía e respecto institucional. Ademais, por ser profundamente sectarias e antidemocráticas, ao negar a quen temos a condición de Central Sindical máis representativa e primeira forza sindical en Galiza.

Non son tempos de que o Goberno galego aplique a política do *apartheid* á CIG, como leva practicando estes anos. Agardamos que esta actuación non sexa un síntoma de que vai afrontar o seu mandato, e a grave situación económica e social que atravesamos, con nula vontade a traballar por construír todos os entendementos e consensos posíbeis, aínda desde as lexítimas diferenzas que poidan existir entre o seu Goberno e a nosa Central Sindical.


A decisión da CIG de non participar no denominado «Diálogo Social en Galicia» responde a unha decisión soberana desta organización, tomada en uso da súa liberdade sindical, e non pode ter máis consecuencias que as inherentes a aquel proceso, do cal non se deriva que poida vostede vulnerar gravemente os nosos

dereitos de participación institucional e dispensarnos un trato discriminatorio como represalia pola adopción de decisións sindicais lexítimas.

Preocúpanos que neste camiño de exclusión á CIG, o seu Goberno tamén o manteña ante as institucións públicas galegas, coas funcións legalmente establecidas como organismos consultivos, como son o Consello Económico e Social (CES) e o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), e no que participan axentes socioeconómicos, organizacións sindicais e entidades da sociedade civil de acordo a súa representatividade.

Por todo o exposto, reiteramos a nosa solicitude de que cesen nestas actuacións, e convidámolo a manter unha reunión coa nosa Central Sindical, na data e hora da súa conveniencia.

Agardando a súa resposta, reciba un saúdo.



Asinado: Paulo Carril Vázquez
Secretario Xeral da Confederación Intersindical Galega